



Concello Soutomaior

Normas de participación nas actividades do Concello de Soutomaior

Todas as persoas que se inscriban nas actividades organizadas polas Concellería de Educación e Xuventude deberán de ter en conta as seguintes cláusulas ou normas:

IMPORTANTE:

- O número de prazas en todos os cursos e obradoiros é limitado; cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
- En todas as actividades terán preferencia ás persoas empadroadas no Concello de Soutomaior e, nalgúns casos, as persoas menores de 35 anos. Nos cursos de formación para o emprego, ademais, teñen preferencia as persoas desempregadas. Para acreditar estas condicións haberá que presentar DNI e tarxeta de demandade de emprego actualizada.
- As actividades realizaranse si se cobren un mínimo de prazas/grupo. Si non se cubre o mínimo, poderá cancelarse a actividade e, nese caso, devolverase a matrícula ás persoas que xa a pagaran.
- As matrículas non se devolverán unha vez confirmada e iniciada a actividade.
- Consultar bonificacións posibles para as actividades soamente para empadroados/as; estas poden ser:
 - No mesmo grupo familiar o 2º participante terá unha bonificación do 25%, o 3º participante una bonificación do 50%, o 4º participante unha bonificación do 75% e os quintos e sucesivos membros participantes dun mesmo grupo familiar quedarán exentos da taxa.
 - Cando as persoas inscritas sexan beneficiarias da prestación RISGA quedarán exentas da taxa (PERO quedarán reservadas por curso un número limitado de prazas (3), que se cubrirá por orde de inscrición). O resto das persoas terán que pagar a cota.
- Se a persoa non cumpre os criterios de asistencia establecidos, será dada de baixa automaticamente. No caso dos cursos de formación a persoa non terá dereito a diploma de asistencia.
- NON OBSTANTE, para calquera dúbida ou aclaración aconsellamos consultar horarios, datas e condicións específicas para cada actividade na OMIX.
- Si queres recibir información directamente no teu correo electrónico cubre o formulario LISTA DE CORREO (sistema TOKApp School) que aparece na web ou pídeo na OMIX. É DE BALDE!!!

O noso horario de atención ao público é de:

- LUNS, MARTES, XOVES E VENRES DE 15,30 H a 20,30 H
agás O MÉRCORES QUE SERÁ DE 9,00 A 14,00 H
- Poderán contactar con nós:
 - Presencialmente, no centro Multiusos
 - Telefónicamente, no número 986700822
 - Por correo – e: omix@soutomaior.com